



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 10 de outubro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón,

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria accidental, D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 26 de setembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J.L.S.	R/David Cal, s/n (á altura do nº 31)-Vilariño <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
M.R.B.	Longán, nº 47-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

2.A.2) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 14.09.2016 por P.A.B.V, na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 522 que ten instalado en rúa dos Hérois de 1617, nº 1-A-San Roque-Darbo.

Dáse conta, así mesmo, de informe emitido o día 28.09.2016 pola Policía Local no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 1891/16

ASUNTO: BAIXA DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA DOS HÉROIS DE 1617

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por P.A.B.V. no que solicita dar de baixa o sinal de pasaxe permanente nº 522 que ten na súa vivenda.

Por parte da Policía non existe inconveniente en acceder o solicitado, pero infórmase ao interesado que unha vez se lle retire o sinal pode ser denunciado por circular pola beirarrúa".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprabe se o interesado está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do interesado se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

2.B) SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS EN DARBO

Vista a solicitude presentada en data 03.10.2016 por M.C.V., na que demanda a instalación dun paso de peóns elevado na estrada de Darbo.

Dáse conta, así mesmo, de informe emitido o día 05.10.2016 pola Policía Local, que é como segue:

"Nº REX.: 1941/15

ASUNTO: PASO DE PEÓNS ELEVADO EN DARBO

A Policía Local de Cangas con relación á solicitude de M. C. V onde solicita un paso de peóns elevado na estrada de Darbo, infórmase que dita vía está limitada por sinais verticais de velocidade (30 Km/h).

Facer constar que se trata dunha vía da Xunta de Galicia (PO-315) polo que non é de titularidade municipal".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude realizada polo Sr. C.V., de conformidade co informe emitido pola Policía Local, ao tratarse dunha vía de competencia da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado.

2.C) SOLICITUDE DE ESPELLO NO ESPÍRITO SANTO, Nº 110

Vista a solicitude presentada o día 30.09.2016 por M.S.S., na que demanda a instalación de un espello no lugar do Espírito Santo, nº 110-Coiro, co fin de mellorar a seguridade viaria e a visibilidade.

Dáse conta, así mesmo, do informe emitido o día 04.10.2016 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 1933/16

ASUNTO: ESPELLO NO ESPÍRITO SANTO Nº 110

A Policía Local de Cangas informa:

Por parte desta policía non existe inconveniente en que se autorice o espello a efectos de mellorar a seguridade viaria e mellorar a visibilidade.

Facer constar que a vía para a que se solicita o espello non é de titularidade do Concello senón da deputación (EP. 1003), polo que debería remitir alí a solicitude".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra a solicitude realizada pola Sra. S.S.
, achegada do informe emitido pola Policía Local, por tratarse dunha vía da súa competencia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

2.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN ZONA DE COLEXIO DA VIRXE



Concello de Cangas

Visto o informe emitido o día 07.10.2016 pola Policía Local, referente á necesidade de sinalización en zona do Colexio da Virxe, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 1954/16

ASUNTO: AMPLIACIÓN DE SINALIZACIÓN EN COLEXIO DA VIRXE

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente informe fai constar:

Que vistos os problemas de tráfico que seguían acontecendo nas inmediacións do Colexio Casa da Virxe en Rodeira, procedemos a facer uns engadidos na sinalización, os cales constan de unha sinal vertical de dirección prohibida e liña amarela á marxe esquerda e tamén unha liña divisoria de carril con frechas direccionais.

Tamén desde este departamento propoñemos unha xuntanza coa dirección do centro para que a circulación sexa máis fluída na zona".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local.

2.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN ZONA DE RÚA BAIONA E RÚA REDONDELA

Visto o informe emitido o día 10.10.2016 pola Policía Local, referente á necesidade de sinalización en zona das rúas Baiona e Redondela, no que se indica o seguinte:

"Ref.: 38- R.S.

A Xefatura da Policía Local de Cangas , por medio do presente escrito fai constar:

Que tendo en conta os problemas de estacionamento indebido que se están a dar nas beirarrúas da rúa Baiona e Redondela, obrigando á presenza permanente nas quendas de mañá e tarde por parte da Policía.

Proponse a colocación de bolardos e un banco nas citadas beirarrúas, tendo en conta que teñen anchura suficiente para compatibilizar o paso de peóns".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:



Concello de Cangas

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.079.- A T.R.P.D., con enderezo a efectos de notificacións en Ourelo, nº 15-B-Darbo-Cangas, para no referido lugar, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, construír un muro de contención de terras de 56,25 m², de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta, M.T.F.I. de data agosto de 2016 e a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais.

EXPEDIENTE Nº 25.983 E 1962/16.- A M.G.G., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Viso-Vilanova, nº 119-O Hío, para no referido lugar, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, realizar obras de ampliación de planta baixa e adaptación interior de planta baixa e primeira de vivenda existente para bar-tapería, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Santiago Gil Fernández de data maio de 2016, por un orzamento de vinte e un mil novecentos noventa e catro euros con setenta e



Concello de Cangas

nove céntimos (21.994,79 euros) e a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Rematadas as obras deberán presentar final de obra e non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal a correspondente visita de comprobación.

De conformidade coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao concello respectivo a súa declaración previa audiencia do/a interesado/a. Quen ostente a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán estas condicións que tiñan cando foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.

EXPEDIENTE Nº 25.836 E 1945/16.- A J.R.G.V., con enderezo a efectos de notificacións en Praza da Miño, nº 11-7ºA-36209-Vigo, para no lugar de Vilanova-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas 11 e 12, realizar a construción de catro unidades adosadas de apartamentos turísticos, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto D.V.F. de data outubro de 2015, por un orzamento de cento vinte e catro mil catrocentos noventa e catro euros con sesenta e catro céntimos (124.494,64 €), a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada de 73,37 m²., formalizada en escritura pública formalizada en data 20 de xullo de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de novecentos setenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (978,52 €) euros.

Rematadas as obras deberán presentar final de obra e informe esixido polo artigo 11.2 do Decreto 106/2005, de 9 de xullo agás as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente no momento de presentar a comunicación previa ou solicitude da licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso



Concello de Cangas

sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 de lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal a correspondente visita de comprobación.

De conformidade coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao concello respectivo a súa declaración previa audiencia do/a interesado/a. Quen ostente a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.

EXPEDIENTE Nº 21.578.- LICENZA MUNICIPAL Nº 20.977.- A F.S.M., con domicilio no Igrexario, nº 121-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co previsto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

3.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.470.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "CONSTRUCCIONES ANTONIO MAGDALENO, SL".- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 30 de setembro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "Construcciones Antonio Magdaleno, SL", con enderezo na Serra de Poente, nº 42 -Darbo, para construción de dúas vivendas unifamiliares, sitas na Piña-Nerga, construídas ao abeiro da licenza municipal Nº 20.844.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- A J.O.V.E., autorizar a anulación da canalización que pasa pola súa propiedade sita na Rosada, nº 72-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.072.- A A.M.L., para obras de conservación de cuberta de vivenda existente en Pinténs, nº 2-Camiño Subrido-O Hío.

ACTIVIDADES:

EXPEDIENTE Nº 1891/15.- A R.R.D., para inicio de actividade de ximnasio na Avda. de Vigo, nº 154-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1918/16.- A R.M.P.G., para cambio de titularidade de local sito na Avda. José Graña, nº 30-Aldán.

FACENDA

5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, SA	AVAL (BANCO POPULAR)	9.021.62 €	CONTRATO DE OBRA DE RENOVACIÓN URBANA DA RÚA ANTONIO GARELLY (SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN)
EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, SA	AVAL (BANCO POPULAR)	8.157.38 €	CONTRATO DE OBRA DE MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA RÚA



Concello de Cangas

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/BONIFICACIÓN DA TAXA NOS OBRADOIROS DE LECER PARA PERSOAS MAIORES NO PERÍODO 2016/2017

Dáse conta de proposta do día 05.10.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, referente a bonificación da taxa nos Obradoiros de lecer para persoas maiores, no período 2016/2017, que é como segue:

"PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DA TAXA NOS OBRADOIROS DE LECER PARA PERSOAS MAIORES NO PERÍODO 2016/2017

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

** A concesión de bonificación sobre a taxa establecida de trinta euros (30,00 €) para as 6 seguintes peticións recibidas durante o prazo de presentación das solicitudes do Programa de 'Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2016/2017', segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local:*

Nº Orde	Solicitante DNI	Ingresos IRPF-2015 e outros non imputables	Renda per cápita mensual	Proposta de resolución	Taxa a aboar por obradoiro
1	X0922380B	IRPF (conxunta) 13.958,73 €.	232,66 €/mes (unidade familiar de 5 membros: matrimonio e 3 fillos)	Bonificación do 100% da taxa	0,00 €
2	78732046X	IRPF: 2.343,04 € RISGA dende 01/09/15: 452,63 €	346,13 €/mes (A solicitante vive soa)	Bonificación do 100% da taxa	0,00 €
3	76834348L	IRPF (conxunta): 17.394,77 €	724,78 €/mes (unidade familiar de 2 membros)	Bonificación do 66,66% da taxa	10,00 €
4	35279378T	IRPF: non constan datos. Perceptora da RISGA: 527,18 €/mes	263,59 €/mes (unidades familiar de 2 membros)	Bonificación do 100% da taxa	0,00 €



Concello de Cangas

5	76830167R	IRPF (conxunta): 17.394,77 €	724,78 €/mes (unidade familiar de 2 membros, cónxuxe da nº 3)	Bonificación do 66,66% da taxa	10,00 €
6	76833774C	IRPF: 4.435,32 €. Pensión compensatoria: 6.513,84 €	912,43 €/mes (unidade familiar de 1 membro)	Bonificación do 50% da taxa	15,00 €

E a denegación da solicitude presentada polo titular do NIE Nº X0754233V, ante o traslado do interesado para o Concello de Marín”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a bonificación da taxa nos Obradoiros de lecer para persoas maiores, no período 2016/2017.

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS PARA PROVER OS REPRESENTANTES DOS DIFERENTES COLECTIVOS CON REPRESENTACIÓN NO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E A REALIZAR A CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN PARA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2016

Dáse conta de proposta do día 03.10.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a proposta de aprobación da convocatoria de eleccións para prover os representantes dos diferentes colectivos con representación no Consello Municipal de Saúde a realizar a convocatoria de constitución para o día 3 de novembro de 2016, que é como segue:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS PARA PROVER OS REPRESENTANTES DOS DIFERENTES COLECTIVOS CON REPRESENTACIÓN NO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E A REALIZAR A CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN PARA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2016

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas.



Concello de Cangas

Expón: que unha vez aprobado definitivamente o Regulamento do Consello Municipal de Saúde de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da convocatoria de eleccións para prover os representantes dos diferentes colectivos con representación no Consello Municipal de Saúde e a realizar a convocatoria de constitución deste para o día 3 de novembro de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a proposta de aprobación da convocatoria de eleccións para prover os representantes dos diferentes colectivos con representación no Consello Municipal de Saúde a realizar a convocatoria de constitución para o día 3 de novembro de 2016.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/EXTINCIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DO POSTO DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dáse conta de proposta do día 05.10.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a extinción da concesión demanial do posto de peixe no Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/ EXTINCIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DO POSTO DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE CANGAS

ANTECEDENTES

1º.- Por escrito con rexistro de entrada nº 11360 do 01.09.2015, I.E.F.A. solicitou a baixa do posto de peixe nº 6 do Mercado Municipal de Abastos.

2º.- Con data 04.09.2015 a vista da solicitude anterior emítense informes da Tesourería Municipal no que se pon de manifesto a existencia de débedas derivadas da explotación do posto e informe dos conserxes do mercado dando conta da existencia de avarías na neveira do posto, dando conta ademais de que o posto permanecía sen actividade desde agosto de 2014.

3º.- A Xunta de Goberno Local de data 07.09.2015 vistos os informes anteriores acordou: 'estimar a renuncia formulada por I.E.F.A. á concesión sobre o posto



Concello de Cangas

de peixe nº 6 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, condicionando a extinción efectiva da concesión demanial da que é titular a interesada a que previamente xustifique a reparación das avarías detectadas na neveira do posto das que se dá conta nos informes mencionados e o pago das débedas co Concello das que informa a Tesourería Municipal'. A continuación o citado acordo dispuxo: 'advertir á interesada que mentres non dea cumprimento a condición establecida no apartado primeiro do presente acordo, non se procederá a conceder a baixa solicitada, e polo tanto seguiranse a pasar os recibos correspondentes polo posto nº 6 de peixe na praza de Abastos Municipal de Cangas'.

4º.- A día de hoxe a interesada non cumpriu coa condición suspensiva establecida no citado acordo polo que o posto non foi dado de baixa tal e como se lle advertía á interesada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Dado o tempo transcorrido compre adoptar medidas para dar solución definitiva á solicitude de resolución voluntaria instada pola interesada resolvendo ao mesmo tempo o problema da falta de actividade do posto que redunda en prexuízo dos usuarios da praza e o seu funcionamento polo que, tomando en consideración ademais que no informe dos conserxes de data 04/09/2015 xa se indicaba que o peche do posto se prolongaba sen causa xustificada durante máis de un ano e tendo en conta que un dos supostos previstos como causas de finalización no artigo 45 da ordenanza do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) é o de non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de noventa días, nun mesmo período anual, procede dar por finalizada definitivamente a concesión do posto nº 6 de peixe da Praza de Abastos do que era titular I.E.F.A. con data de efectos 1 de outubro de 2016, de tal xeito que o derradeiro día da concesión sería o 30 de setembro de 2016, todo iso sen prexuízo da tramitación do cobro das cantidades adebedadas ata o día indicado e do que proceda polo arranxo das avarías detectadas.

SEGUNDO.- Ao abeiro do disposto na disposición transitoria terceira, apartado a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas ao presente acordo, resulta de aplicación o réxime da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En atención ao anteriormente exposto proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Declarar extinguida definitivamente a concesión demanial sobre o posto de peixe nº 6 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas da que era titular I.E.F.A. con data de efectos 1 de outubro de 2016, de tal xeito que o derradeiro día da concesión sería o 30 de setembro de 2016.

Segundo.- Advertir á interesada que de acordo co previsto no artigo 47 do regulamento: 'Á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e valeiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización. O Concello, en caso contrario, poderá acordar e executar por si o desafiuzamento en vía administrativa'. Advírteselle tamén que debe cumprir coa obriga de entregar o posto 'no adecuado estado de conservación e uso no que o reciben ao rematar a concesión', de acordo co disposto na cláusula quinta do contrato administrativo de concesión demanial do posto que agora se extingue, debendo aboar os desperfectos que se observen e que excedan do deterioro normal derivado do uso coidadoso. En consecuencia aqueles bens que non sexan retirados voluntariamente pola titular serán considerados abandonados por esta e o Concello procederá a darlle o tratamento que considere axeitado.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á interesada así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego Local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza advertindo que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que o dita no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, este entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non ditara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que de conformidade co anterior se produza o acto presunto".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a extinción da concesión demanial do posto de peixe no Mercado Municipal de Abastos.

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

Dáse conta de proposta do día 05.10.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de postos no Mercado Municipal de Venda Ambulante, que é como segue:

*"Ref. Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local
ME 16/028*

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE DE CANGAS

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/07/2016 dispúxose iniciar expediente de baixa da autorización de venda ambulante da que é titular D.J.G. pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo en base aos informes dos conserxes do mercado de 29.04.2016, 02.05.2016 e 07.07.2016 segundo os cales nos últimos 3 meses non montou o seu posto ningún día.

Igualmente no acordo citado, en aplicación do previsto no citado regulamento dispúxose outorgar trámite de audiencia ao interesado.

2º.- O acordo citado foi notificado á interesada o 14.09.2016 sen que conste a presentación de alegación ningunha no prazo outorgado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) recolle a renuncia voluntaria no seu



Concello de Cangas

artigo 18 como un dos supostos de extinción anticipada da autorización e relaciona unha serie de supostos que se asimilan a esta.

En concreto e tal e como se sinala nos informes dos conserxes do mercado un deses supostos é o previsto no apartado c) A non ocupación do posto asignado durante un período de oito días de mercado seguidos ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses) sen causa que o xustifique.

II.- A interesada non fixo uso do trámite de audiencia outorgado, nin presentou escrito de alegacións ao acordo notificado á interesada o 14/09/2016, acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.07.2016, no que se lle traslada o inicio de expediente de baixa da autorización de venda ambulante pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013), polo que procede en atención aos informes que motivan a apertura do presente expediente considerar que concorre a renuncia voluntaria prevista no amentado artigo da ordenanza.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar con base na motivación exposta, a baixa da autorización de venda ambulante do posto nº 56 da que era titular D.J.G. pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo.

SEGUNDO.- Notificar o acordo a D.G.J. con domicilio a efectos de notificacións en Barrio Arrotea Amorín, 28-B CP 36740-Tomiño-Pontevedra, a Tesourería do Concello de Cangas co fin de que proceda a baixa do citado posto no padrón de cobro da taxa de venda ambulante correspondente ao último trimestre de 2016, e a Concellería de desenvolvemento económico e emprego local advertindo que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que o dita no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.



Concello de Cangas

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, este entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non ditara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que de conformidade co anterior se produza o acto presunto”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de postos no Mercado Municipal de Venda Ambulante.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

10º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACTA DE RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA EN PRAIAS E ZONAS DE DIFÍCIL ACCESO

Dáse conta da sinatura o día 30.09.2016 da acta de recepción da "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD", que é como segue:

"CONCELLO DE CANGAS

ACTA DE RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO AUSA PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA EN PRAIAS E ZONAS DE DIFÍCIL ACCESO SEGUNDO A SUBVENCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016 LIÑA 1) "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD",

Reunidos en Cangas o día 30 de setembro de 2016.

Dona: M. Mercedes Giráldez Santos, tenente alcaldesa-concelleira de Obras e Servizos. DNI 76.811.297-Z.

*Don B. F. A, encargado da Brigada de limpeza viaria.
Don P. L.A, adxudicatario.*

Procedeuse ao recoñecemento e comprobación da subministración de referencia, facéndose constar o seguinte:



Concello de Cangas

Unha vez recoñecido e verificado a subministración do vehículo atópase en bo estado e foi entregado axustándose ao proxecto aprobado que serviu de base para a execución deste.

Na súa, por M. Mercedes Giráldez Santos, resólvese recibir a subministración, significando que esta entrega non será firme ata que pola Corporación Municipal se acorde a súa aprobación".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da acta de recepción da "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD".

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE-2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 06.10.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para a realización de actividades dirixidas á xuventude-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE-2016

En relación coa solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social de data do 31 de abril de 2016, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016 e se procede á súa convocatoria, a Consellería



Concello de Cangas

resolve concederlle ao Concello de Cangas unha axuda polo importe de dous mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e nove céntimos (2.528,39 €).

Vista a memoria e o informe da técnica de xuventude, Mercedes Lorenzo Núñez, na que fai constar as actividades realizadas.

Visto o informe da Intervención Municipal que fai constar que o gasto total efectuado ascende a doce mil novecentos oitenta e un euros con noventa e dous céntimos (12.981,92 €) e que está contabilizado dando cumprimento á finalidade da subvención concedida, propoño á Xunta de Goberno local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa polo importe de doce mil novecentos oitenta e un euros con noventa e dous céntimos (12.981,92 €) de conformidade co seguinte desglose:

<i>Nº FACTURA E DATA</i>	<i>PROVEDOR CIF</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE €</i>	<i>APROBACIÓN FACT. POR RESOLUCIÓN ALCALDÍA E DATA</i>	<i>PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA BANCARIA E DATA PAGAMENTO</i>
<i>Taxa</i>	<i>Xunta de Galicia S1511001H</i>	<i>25% taxas campamento Pontemariil</i>	<i>525,00</i>	<i>08/06/2016</i>	<i>14/06/2016</i>
<i>Taxa</i>	<i>Xunta de Galicia S1511001H</i>	<i>75% taxas campamento Pontemariil</i>	<i>1.575,00</i>	<i>28/06/2016</i>	<i>01/07/2016</i>
<i>Premio</i>	<i>Jorge Campos Sánchez 444776443J</i>	<i>1º Premio A 15º Salón Cómico</i>	<i>500,00</i>	<i>30/08/2016</i>	<i>08/09/2016</i>
<i>Premio</i>	<i>I.L. A</i>	<i>1º Premio B 15º Salón Cómico</i>	<i>200,00</i>	<i>30/08/2016</i>	<i>08/09/2016</i>
<i>Premio</i>	<i>G.F.B</i>	<i>Viñetas Xove 15º Salón Cómico</i>	<i>100,00</i>	<i>30/08/2016</i>	<i>08/09/2016</i>
<i>59 11/03/2016</i>	<i>Artiplan Cangas SL B36305605</i>	<i>Premios cartas de amor</i>	<i>165,00</i>	<i>27/04/2016</i>	<i>10/05/2016</i>
<i>F54/2016 20/06/2016</i>	<i>Autobuses Cerqueiro SL B36169688</i>	<i>Campamento Gandarío</i>	<i>680,00</i>	<i>21/07/2016</i>	<i>01/08/2016</i>
<i>H35/2016 23/08/2016</i>	<i>Autobuses Cerqueiro SL B36169688</i>	<i>Campamento Portomariil</i>	<i>540,00</i>	<i>13/09/2016</i>	<i>21/09/2016</i>
<i>B/277 09/08/2016</i>	<i>A.</i>	<i>Socorrista campamento Forcarei</i>	<i>140,00</i>	<i>19/08/2016</i>	<i>30/08/2016</i>
<i>45 27/07/2016</i>	<i>Marexada Deporte Lecer e Cultura SL</i>	<i>Ludoteca de verán</i>	<i>8.496,37</i>	<i>19/08/2016</i>	<i>30/08/2016</i>



Concello de Cangas

16/2016 29/02/2016	Marexada Deporte Lecer e Cultura SL	Acompañamento Cabeza Manzaneda	60,50	15/03/2016	30/03/2016
-----------------------	--	--------------------------------------	-------	------------	------------

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan na táboa anterior.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida, de conformidade con todos os documentos que constan no expediente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para a realización de actividades dirixidas á xuventude-2016.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA PROMOCIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA-2016.

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.10.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 31.03.2016 PARA PROMOCIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA-2016.

Que en relación coa axuda concedida polo importe de mil trescentos dezaioito euros (1.318,00 €), mediante Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 31 de marzo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Vista a memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, na que fai constar o desenvolvemento do programa e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.



Concello de Cangas

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa pola organización de programas para a dinamización lingüística polo importe total de mil catrocentos noventa e dous euros (1.492,00 €) con IVE incluído, de conformidade co seguinte desglose:

<i>Nº FACTURA DATA DE EMISIÓN FACTURA</i>	<i>PROVEDOR CIF</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE € SEN IVE E CON IVE</i>	<i>APROBACIÓN POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DATA DE PAGAMENTO</i>
<i>22-2016 01/06/2016</i>	<i>A.M.M. "O Carballo con Botas"</i>	<i>Animación de contacontos en oito centros escolares de Cangas</i>	<i>495,87 600,00</i>	<i>22/06/2016 28/06/2016</i>
<i>C-170516 17/05/2016</i>	<i>Federación a Gameliña G36537900</i>	<i>Organización festival letras galegas maio 2016</i>	<i>123,96 150,00</i>	<i>07/07/2016 19/07/2016</i>
<i>00008 73241894G</i>	<i>D.B.C.</i>	<i>Assircópatas espectáculo Montagen</i>	<i>742,00 700,00</i>	<i>03/10/2016 10/10/2016</i>

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística, deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2016.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente